

Leite de Vasconcelos e o galego. Notas sobre un artigo esquecido

Revisando publicacións periódicas do século XIX, atopamos casualmente cunha colaboración periodística dun dos máis prestixiosos filólogos portugueses de tódolos tempos, J. Leite de Vasconcelos. O artigo leva por título “Lingua é Litteratura” e foi publicado na páxina 18 do número extraordinario de xullo do xornal santiagués *El País Gallego*. Aínda que as ideas defendidas polo seu autor sexan de todos ben coñecidas, este traballo resulta de interés para os estudiosos do galego, e para os romanistas en xeral, na medida en que proporciona novos datos sobre a relación que Leite mantivo con Galicia e co seu idioma, precisa a súa concepción dialectal do galego e pode dar novos datos sobre a cronoloxía das súas ideas máis importantes; por iso nos animamos a publicalo e a facer algunhas consideracións sobre o seu contido e a relación que este garda coas súas obras máis significativas.

Leite demostrou ó longo da súa vida un cumprido interés polo noso idioma, sobre todo cando tratou o tema da clasificación dialectal do portugués. Sen embargo, a súa mención constante ó galego e a Galicia non foi só produto dunha necesidade dos seus estudos científicos; existe tamén un conxunto de relacións persoais que o moven a interesarse por el, como demostra esta cita explícita a elas, presente nos *Estudos de Phonologia Mirandesa*:

Em virtude da bondade da que tem usado para comigo os escritores gallegos, sobretudo os Srs. Martínez Salazar, Galo Salinas, Carré Aldao e García Ferreiro, possuo na minha livraria particular grande numero de trabalhos litterarios gallegos”¹.

Esta relación estreita cos persoeiros da cultura galega da época será a que o anime a publicar un número interesante —reducido dentro da súa extensa bibliografía, pero amplo para o interese que espertaba o galego entre os romanistas da súa época— de traballos sobre o galego, os máis deles recolleitos no volume IV dos *Opúsculos*². O artigo que comentaremos for-

¹ J. Leite de Vasconcelos, *Estudos de Phonologia Mirandesa*, v. II, Imprensa Nacional, Lisboa, 1901, p. 59.

² J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, v. IV, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1929, pp. 623-669.

Nº Extraordinario de *El País Gallego*, Santiago de Compostela, Xullo, 1888.

LINGUA É LITTERATURA GALLEGA.

E ' digno do maior elogio o desenvolvimento litterario que últimamente se tem manifestado na Galliza. A parte illustrada d'este país, cada vez mais ciosa do sentimento nacional, busca todos os meios, o jornal, a poesia, o romance, para dar ao seu idioma patrio,—o gallego—a maior vida e o maior impulso.

Claro está que a Philologia Romanica ve isto com os melhores olhos, porque será ella uma causa de grande aquisição de materiaes, que de outro modo havia risco de se perderem.

Muitos escriptores suppoem que o *gallego* é um dialecto hispanhol, quando a verdade é que essa lingua se relaciona muito mais com o portuguez do que com qualquer outra. Segundo o geographo grego Estrabão, a Lusitania começava no mar da Galliza, por tanto abrangia este territorio; ora o latim, trazido pelos Romanos para a Lusitania, transformou-se aqui numa lingua que, se não seria, mesmo no seu principio, completamente uniforme em todo o territorio, mantinha contudo uma certa individualidade a respeito dos de mais idiomas peninsulares: esta lingua era o *português-gallego*, que se pode apreciar muito bem na rica litteratura dos Cancioneiros. Com a separação de Portugal da Galliza no sec. XII, e em virtude dos destinos que os dois países depois tiveram, o *português-gallego* scindiu-se em duas linguas, *português e gallego*, que se foram differenciando com o tempo cada vez mais até hoje. Todavía esta differença não é demasiada; o portuguez e o gallego, quando se collocam um deante do outro, mostram bem o seu intimo parentesco.

Como porém o portuguez é a lingua nacional de um país independente, historicamente definido, e é alem d'isso o orgão de uma litteratura notabilissima e abundante, ao passo que o gallego se limita ao uso doméstico de uma simple provincia e possui uma litteratura por ora modesta, devemos considerar este último idioma, numa classificação glottologica, como um co-dialecto do primeiro. E já en lhe concedo mais do que lhe concederam muitos philologos que o consideram apenas como dialecto da lingua do meu país.

O que agora se torna urgente é que os escriptores da Galliza, ao mesmo tempo que se consagram á cultura litteraria do seu idioma natal, o estudem tambem scientificamente, coordenando bons dictionarios (o de Nuñez é já muito superior ao de Piñol) e boas grammaticas (a de Saco Arce desconhece ainda as relações estreitas do gallego com o portuguez; e compara ás vezes aquelle com o grego!), e distinguindo, segundo os principios rigorosos da Phonetica moderna, as particularidades de pronuncia de cada localidade. A estas particularidades ha-de juntar-se a menção das particularidades morphologicas, syntacticas e lexicologicas, de modo que se chegue a formar um quadro completo e systematico de todos os sub-dialectos do gallego. A *Historia de la literatura gallega*, do Sr. A. G. Besada não satisfaz, e en já a critiquei na minha *Revista Lusitana*, I, 183-185; o auctor é ainda moço, e por isso póde orientar-se com facilidade.

Na Hispanha mesmo, com excepção de Milà y Fontanals (já fallecido) e de R. J. Cuervo (que é hispano-americano, e vive em Paris), não ha ainda, que en saiba, quem esteja ao correr da Philologia Romanica, como ella se comprehende hoje; e isto é uma pena em um país tão rico em linguas e dialectos. Os melhores trabalhos que existem sobre essas linguas são todos feitos por estrangeiros.

Lisboa 7 de Julho de 1888.

J. Leite de Vasconcellos

ma parte deste conxunto de traballos dedicados ó noso idioma, pero non aparece publicado na coléctanea antes citada polo que é de pensar que resulte descoñecido e case innacesible para os estudiosos da obra do filólogo portugués.

No traballo mencionado, “Lingua é Litteratura”, abórdase o tema do galego dende dúas perspectivas ben definidas. Nunha primeira aproximación faise unha análise, que poderíamos calificar de sociolingüística, da situación que está vivindo o idioma no momento no que el escribe (1888) e dos esforzos que unha minoría está a facer para levantalo do seu estado de postración; dende o segundo punto de vista, máis filolóxico, fai unhas consideracións, breves pero moi valiosas, da evolución do galego explicando cal debe se-la súa posición dentro dunha clasificación das linguas románicas. Aínda que dende unha óptica estritamente filolóxica o tema que poida suscitar máis interés sexa o que trata do encadramento do idioma galego dentro das linguas románicas peninsulares; como estudiosos e como falantes dunha lingua aínda en proceso de normalización, tamén temos que prestar atención a aqueloutra parte na que unha persoa do prestixio de Leite intenta apoiar unha tarefa aínda hoxe por rematar.

O traballo comeza cunha gabanza para todos aqueles que, dende as súas distintas posicións, estaban posibilitando o rexurdir literario do galego e para o afán da minoría ilustrada que buscaba levar de novo o galego ós niveis e medios dos que séculos atrás fóra expulsado:

E digno do maior elogio o desenvolvemento litterario que ultimamente se tem manifestado na Galliza. A parte ilustrada d’este país, cada vez mais ciosa do sentimento nacional, busca todos os meios, o jornal, a poesía, o romance, para dar ao seu idioma patrio —o gallêgo— a maior vida e o maior impulso”.

Este feito, o rexurdimento do idioma coma lingua escrita, ten para o filólogo portugués unha importancia claramente práctica: vaiiles permitir a el e a tódolos estudiosos das linguas románicas, dispor dun material, doutro xeito innacesible, de grande utilidade nos seus estudos:

“Claro está que a Philologia Romanica ve isto com os melhores olhos porque sera ella uma causa de grande aquisição de materiaes, que de outro modo havia risco de se perderem”.

Insinúase, ademais, a importancia que a reivindicación lingüística ten na reafirmación dunha conciencia nacional no pobo galego. Isto, aínda que non se menciona explicitamente, é o que se albisca cando se nos presenta a esa clase ilustrada coma defensora do galego e “cada vez mais ciosa do sentimento nacional”.

Posteriormente, preséntanse as prioridades que se terían que fixar para que o desenvolvemento da lingua fose tamén a nivel científico, pois para prestixia-lo idioma non abonda co simple cultivo literario:

“O que agora se torna urgente é que os escritores da Galliza, ao mesmo tempo que se consagran (sic) á cultura litteraria do sen (sic) idioma natal, o estudem tamem scientificamente...”

O resultado desta dedicación deberá supera-lo conseguido ata aquel entón e deberá centrarse na elaboración de “bons dictionarios (o de Nuñez é já muito superior ao de Piñol) e boas grammaticas (a de Saco Arce desconhece ainda as relacións estreintas (sic) do gallego com o português; e compara ás veces aquelle como o grego!), e distinguindo, segundo os principios rigorosos da Phonetica moderna, as particularidades de pronuncia de cada localidade. A estas particularidades ha-de juntar-se a menção das particularidades morpholoxigas (sic), syntacticas e lexicologicas, de modo que se chegue a formar un (sic) quadro completo e systematico de todos os sub-dialectos do gallego”.

Para os que esperasen conseguila normalización da lingua no século XIX, non cabe dúbida que as opinións de Leite deberon resultar dunha grande axuda e dun grande estímulo, xa que os animaba a seguir polo camiño elixido e lles abría un novo ó lembrarlles que non só a literatura e o cultivo da lingua servirían para logra-los seus obxectivos, senón que tamén cumpría prestixia-lo idioma cientificamente; para os que aínda hoxe continuámo-la tarefa emprendida polos adiantados de dezanove, non cabe outra posibilidade que entristecernos porque iso que Leite consideraba prioritario só cen anos despois logrou ser realidade.

A segunda liña que guía o traballo de Leite é a somera análise que fai da evolución histórica do galego e de cal debe se-lo seu lugar dentro das linguas románicas.

Unha idea asumida por moitos galegos da época, considera-lo seu idioma coma dialecto do español, sérvelle de base para expo-las súas opinións ó respecto. Principia, pois, por nega-la condición de dialecto castelán para o galego, sostendo, pola contra, o seu parentesco co portugués:

“Muitos escritores supoem que o *gallego* é um dialecto hispanhol, quando a verdade é que essa lingua se relaciona muito mais com o portugués do que com qualquer outra”.

E para apoia-la súa afirmación fai unha pequena síntese histórica de cal foi a evolución do galego e do portugués. Nun principio formaron un idioma único:

“o latim, trazido pelos Romanos para a Lusitania, transformou-se aquí numa lingua que, se não seria, mesmo no seu principio, completamente uniforme em todo o territorio, mantinha comtudo uma certa individualidade a respeito dos mais idiomas peninsulares: esta lingua era o *português-gallego*, que se pode apreciar muito bem na rica litteratura dos Cancioneiros”.

Mais tarde, esa unidade “scindiu-se em duas linguas, *português e gallêgo*, que se foram diferençando com o tempo cada vez mais até hoje”. As causas desta rotura son evidentes para todos, “a separação de Portugal da Galliza no sec. XII, e em virtude dos destinos que os dois países depois tiveram”. Este argumento que agora lle serve para nega-lo carácter de dialecto español do galego, servíralle poucos meses antes para negarlle o carácter de dialecto galego ó portugués.

Augusto González Besada, ilustre estadista tudense, publicou no ano 1887 unha *Historia crítica de la literatura gallega*, na que incluía uns apuntes sobre “Origen del gallego”³. Cando o autor toca o tema das relacións entre o galego e o portugués afirma que “el portugués descende del gallego”⁴, escudándose para iso nas opinións dos distintos estudiosos que fixeron mención ó tema, como o Marqués de Santillana, Duarte Nunes de Leão, etc.

Leite, visiblemente contrariado, polo que se desprende do ton xeral do escrito, rebátelle esta opinión nun artigo publicado na *Revista Lusitana* co título de “Português e gallego”⁵ cos mesmos argumentos citados anteriormente: ámbolos idiomas tiveron unha primitiva etapa común (aquí chamado galaico-portugalense) para máis tarde chegaren a un afastamento que se foi agrandando ata a actualidade:

“em virtude de condições comuns a todos os idiomas, e de outras particulares a éste (como a vida histórica de Portugal, a absorpção de Galliza na Hespanha, etc.) o *galaico-portugalense*, diferenciou-se cada vez mais, vindo a constituir de um lado o *galego* (com os seus dialectos) e do outro o *portugues* (também com os seus dialectos)”⁶.

O que se pretende demostrar con esta mención á historia da lingua é que os dous idiomas están “em idênticas relações com o latim, e que não

³ A. González Besada, *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, T. I, v. I, Tipografía da Voz de Galicia, A Coruña, 1887, pp. 15-81.

⁴ *Ibidem*, p. 69.

⁵ Foinos imposible consulta-lo orixinal deste artigo. Citamos polo resume que aparece no volume IV dos *Opúsculos*, pp. 623-625.

⁶ *Ibidem*, p. 624.

deve dizer-se nem que o galego provém do portugués, nem éste daquele”⁷. E dicir, estamos diante de dúas linguas que nun momento da súa historia foron un todo único pero que, no momento actual (século XIX, e con máis razón no XX tendo en conta a irreversibilidade dos procesos lingüísticos), manteñen íntimas relacións, aínda que non interdependencia.

Estas consideracións condúcennos directamente ó seguinte punto tratado por Leite, que pola súa importancia podémolo considerar eixe do artigo citado: a posición que debe ocupa-lo galego dentro dunha clasificación das linguas románicas. Á vista do anteriormente citado esta parecía estar decidida, o galego é unha lingua románica máis e polo mesmo debería estar colocada á par do portugués, español, catalán, francés, etc. Así e todo, e contrariamente á lóxica que se deriva das afirmacións anteriores, o galego é para o noso autor só un *codialecto* do portugués. Así o presenta na *Esquisse d'une dialectologie portugaise*⁸, despois de defini-lo termo *codialecto* coma “idiomes particuliers que, quoique n'étant pas aujourd'hui rigoureusement portugais, sont cependant dans un intime rapport avec cette langue”⁹. O mesmo acontece nos *Opúsculos*, onde afirma que “o galego pode figurar na nosa carta dialectolóxica, senão como *dialecto* do portugués, ao menos como *co-dialecto*”¹⁰.

As razóns desta incoherencia entre a primeira afirmación de que eran dúas linguas diferentes (“o *portugués-gallego* scindiu-se em duas linguas, *portugués* e *gallêgo*”) e a posterior clasificación do galego entre os *codialectos* do portugués, hainas que buscar nas condicións que Leite consideraba que debía cumprir unha lingua. Diez, na *Grammaire des langues romaines*¹¹, estableceu dous condicionantes para definir unha lingua: orixinalidade gramatical e ser instrumento dunha literatura brillante. Para o autor portugués tamén a orixinalidade, ou “o número e importancia dos seus respectivos phenomenos característicos”¹², é decisiva para concede-lo apelativo de lingua. Sen embargo, porque “o que baste a uns philologos para elles chamarem *lingoa* a certa unidade linguistica

⁷ *Ibidem*, p. 624.

⁸ J. Leite de Vasconcellos, *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, Publicações do Atlas Etnográfico-Linguístico de Portugal e da Galiza, Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1970, p. 29.

⁹ *Ibidem*, p. 27.

¹⁰ J. Leite de Vasconcellos, *Opúsculos*, v. I, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1928, p. 275.

¹¹ F. Diez, *Grammaire des langues romanes*, T. I, Slatkine reprints, Genève, 1973 (reimpresión da edición de 1874), p. 1.

¹² J. Leite de Vasconcellos, *Estudos de Phonologia Mirandesa*, op. cit., p. 70.

não baste a outros”¹³, tamén debe cumprir dúas condicións secundarias, ser instrumento dunha literatura considerable e servir de vehículo de comunicación a un país independente; dito doutro xeito e coas súas palabras, examinaríase se “serve de orgão a uma litteratura rica, e a uma nação autonoma”¹⁴.

Estas características que debían cumpri-las distintas linguas foron formuladas por Leite nos *Estudos de Phonologia Mirandesa* (1900-1901), pero no artigo que nós estamos a comentar (1888), xa aparecían totalmente articuladas. E de feito, esas condicións secundarias, e non a orixinalidade gramatical, son as razóns que se esgrimen para a consideración do galego como *codialecto* do portugués:

“Como porém o portugués é a lingua nacional de um país independente, historicamente definido, é além d’isso o orgão de uma litteratura notabilissima, ao passo que o gallego se limita ao uso doméstico de uma simple provincia e possui uma litteratura por ora modesta, devemos considerar este último idioma, numa classificação glottologica, como um co-dialecto do primeiro (sic).”

Esta mesma explicación é a que aparece no artigo antes mencionado “Português e galego”, neste caso empregando un ton moito máis acedo, explicable porque se puña en dúbida a lexitimidade e a primacia do portugués ó facelo descer do galego, idioma dunha simple provincia:

“Mas na continuação da vida social e literária, qual das duas linguagens é mais importante? A que se tornou órgão de um povo independente e progressivo, senhor de literatura riquíssima, colaborador activo e fecundo da civilização, ou a que, abstraindo de algumas produções notáveis, para pouco mais tem servido do que para uso doméstico de uma província anexada a um reino, e cuja literatura, vida e influência social não podem comparar-se com as da outra?

Evidentemente a primeira (o português). Por isso eu digo que o português é propriamente uma *língua*, e o galego um *co-dialecto português...*”¹⁵

En definitiva, e á vista do anterior, podemos concluír que a consideración por parte de Leite de Vasconcellos do galego coma un *codialecto* do portugués non responde ó convencemento de que o galego derive de portugués ou de que o portugués sexa o único herdeiro do matrimonio que ámbalas dúas linguas mantiveron en tempos históricos. Máis ben acontece todo o contrario, o noso autor está convencido de que as características lingüísticas propias de cada un destes idiomas son o suficiente-

¹³ *Ibidem*, p. 70.

¹⁴ *Ibidem*, p. 70.

¹⁵ J. Leite de Vasconcellos, *Opúsculos*, v. IV, ..., p. 624.

mente importantes como para cada un deles merece-la consideración de lingua; pero o non cumprimento de características secundarias coma o ter unha literatura en desenvolvemento, aínda que xa parira moitas das súas grandes obras, ou o se-lo idioma dunha nación sen reino propio, serán as que sirvan para considera-lo portugués unha lingua e o galego un codialecto deste. Estes calificativos son produto, polo mesmo, non dunha análise lingüística, intrínseca das dúas linguas, senón dun estudio da historia externa das mesmas, dunha análise extralingüística. Este feito, que non sexan rasgos propiamente lingüísticos os que delimiten unha lingua dun dialecto ou dun codialecto, é o que nos permite poñer en dúbida a validez desta clasificación no momento actual dos estudos filolóxicos.

E xa para rematar, e de xeito anecdótico, suliñar que Leite, sabendo que esta consideración do galego podía feri-los sentimentos dos seus amigos de aquen Miño, discúlpase e xustifícase presentándose coma un valedor do galego, porque:

“E já en (sic) lhe concedo mais do que lhe concederam muitos philologos que o consideram apenas como dialecto da lingua do meu país”.

CARME HERMIDA
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago